

## INSTRUCCIÓN PARA ACTUACIÓN ANTE UNHA EMERXENCIA

### ÍNDICE

1. Emerxencia. Definición e clasificación
    - 1.1. Emerxencia
    - 1.2. Clasificación das situacións de emerxencia
      - 1.2.1. En función do tipo de risco
      - 1.2.2. En función da gravidade
      - 1.2.3. En función da ocupación e medios humanos
  2. Avisos de alarma
    - 2.1. Emerxencia Parcial
    - 2.2. Emerxencia Xeral
  3. Normas xerais de actuación
    - 3.1. Ao descubrir o incendio
    - 3.2. No caso de evacuación
  4. Actuación dos equipos de emerxencia
    - 4.1. Equipos de emerxencia dos centros da USC
    - 4.2. Normas de actuación xeral para integrantes dos equipos de emerxencia
    - 4.3. Puntos de encontro interiores e Punto de Encontro Exterior
    - 4.4. Xefe/a de Emerxencias (XE)
    - 4.5. Xefe/a de Intervención (XI)
    - 4.6. Equipos de Primeira Intervención (EPI)
    - 4.7. Equipos de Alarma e Evacuación (EAE)
    - 4.8. Equipos de Primeiros Auxilios (EPA)
    - 4.9. Centro de Control e Comunicacions (CCC)
    - 4.10. Funcións en horario de actividade reducida ou non habitual
- Cartel: Actuación en caso de emerxencia e evacuación

## INSTRUCCIÓN PARA ACTUACIÓN ANTE UNHA EMERXENCIA

### 1. EMERXENCIA. DEFINICIÓN E CLASIFICACIÓN

#### 1.1 Emerxencia

Calquera situación non desexada que pon en perigo a integridade das dependencias do centro e das persoas que as ocupan, esixindo a intervención dos equipos de emerxencia do centro e, en caso de emerxencia parcial ou xeral, a evacuación rápida das persoas que o ocupan.

#### 1.2 Clasificación das situacións de emerxencia

##### 1.2.1 En función do tipo de risco

a) Riscos de orixe interna. A orixe ten lugar no interior das instalacións.

- Explosión.
- Incendio.
- Accidente de traballo ou enfermidade con consecuencias graves.
- Derrame / Fuga.

b) Riscos de orixe externa. A orixe ten lugar no exterior, pero as consecuencias poden afectar ás instalacións.

- Axentes da natureza.
- Intrusión e outros actos delituosos.
- Ameaza de bomba ou de sabotaxe.

## INSTRUCCIÓN PARA ACTUACIÓN ANTE UNHA EMERXENCIA

### 1.2.2 En función da gravidade

a) Fallo técnico

Situación de alerta producida por algún detector central de datos, máquina, equipo ou calquera elemento que posúa un dispositivo de revisión e que funcione de forma anómala ou non funcione, dando orixe ao sinal de perigo que se evita simplemente reparando o fallo que o motiva.

b) Conato de emerxencia

Emerxencia que, polo seu inicial desenvolvemento, pode ser controlada e neutralizada cos medios dispoñibles na zona onde se orixina o suceso.

c) Emerxencia parcial

Emerxencia que, aínda revestindo certa importancia aparente, afecta a un sector determinado, pero non é previsible a súa extensión a outros sectores. Para ser dominada require da activación do Plan de Actuación ante Emerxencias e da participación dos equipos de emerxencia desa zona. Os efectos desta emerxencia quedarán, en principio, limitados ao propio sector, non alcanzando a outros e xerando, como máximo, a evacuación do sector afectado.

d) Emerxencia xeral

Emerxencia que afecta ou pode afectar a partes importantes (en tamaño ou valor) das instalacións. Require da activación do Plan de Actuación ante Emerxencias, coa participación de todos equipos de emerxencia e coa colaboración de medios de axuda exteriores. Ademais, comporta a evacuación do centro.

**INSTRUCCIÓN PARA ACTUACIÓN ANTE UNHA EMERXENCIA**

**1.2.3 En función da ocupación e medios humanos**

- a) Horario de plena actividade
  
- b) Horario de actividade reducida ou non habitual

## INSTRUCCIÓN PARA ACTUACIÓN ANTE UNHA EMERXENCIA

### 2. AVISOS DE ALARMA

#### 2.1 Emerxencia Parcial

- Actuar sobre o interruptor de alarma do sector afectado activa as sereas do sector e envía simultaneamente o sinal de alarma á Central de Incendios, situada do Centro de Comunicación e Control (Conserxería) e á Central Receptora de Alarmas (servizo 24 horas). As sereas activadas emiten sons cortos e descontinuos, de ton agudo.
- Tamén se activa comunicando a emerxencia persoalmente, ou por extensión telefónica, ao Centro de Comunicación e Control (Conserxería) e ao persoal afectado na zona da emerxencia.
- Actúan os equipos de emerxencia do sector afectado.
- Información. As instalacións de seguridade do centro envían os sinais de alarma que non se atenden na propia central, situada na Centro de Comunicación e Control (Conserxería), despois de transcorrido un tempo corto e programado, a unha Central Receptora de Alarmas (CRA, servizo 24 horas). Dende a CRA comunícase por teléfono a información das alarmas ao centro e á Patrulla do Servizo de Vixilancia da USC (servizo 24 horas).

#### 2.2 Emerxencia Xeral

- A declara o Xefe/a de Emerxencias.
- Actuar sobre o interruptor de alarma xeral, situado no Centro de Comunicación e Control (Conserxería), activa todas as sereas do edificio. As sereas activadas emiten sons continuos, de ton agudo, que se manteñen mentres dura a emerxencia. Esixe a evacuación rápida de todas as persoas que ocupan o centro.
- Actúan todos os equipos de emerxencia e medios de protección do centro e a axuda de medios de socorro e salvamento exteriores.

## INSTRUCCIÓN PARA ACTUACIÓN ANTE UNHA EMERXENCIA

### 3. NORMAS XERAIS DE ACTUACIÓN

#### 3.1 Ao descubrir o incendio

- Pechar a porta do recinto incendiado.
- Dar a alarma rapidamente. Pulsar o interruptor de alarma máis próximo. Avisar á Conserxería, por teléfono, ou persoalmente.
- Manter a calma, non berrar.
- Seguir as instrucións dadas polo persoal dos equipos de emerxencia.
- Non expoñerse, baixo ningunha circunstancia, a un perigo por propia iniciativa.
- No caso de que non se atope ninguén no edificio (horario de baixa ocupación), premer o interruptor de alarma de incendios máis próximo, que solicitará a intervención dos Servizos de Axuda Exterior (112) e, inmediatamente, comunicará a situación ao Servizo de Seguridade da USC (ILUNION). Colocarse na porta do acceso principal ao edificio para esperar aos Servizos de Axuda Exterior e para indicar ao persoal evacuado o Punto de Encontro Exterior o cal dirixirse.
- Está prohibida a entrada ao Centro de Transformación e demais zonas de instalacións (salas de caldeiras, grupo electrógeno, etc.) a todo o persoal que non dispoña de autorización para iso.

#### 3.2 No caso de evacuación

- Non expoñerse, baixo ningunha circunstancia, a un perigo por propia iniciativa.
- Manter en todo momento a calma e non fomentar situacións alarmistas. Controlar reaccións nerviosas, non berrar, non correr (unha caída pode obstaculizar o camiño de evacuación e a aglomeración e caída doutras persoas con graves consecuencias). Promover a axuda mutua.
- Apagar todos os equipos eléctricos.
- Eliminar obstáculos nas portas e camiños de evacuación.
- Deixar pechadas as portas e ventás ao pasar, asegurándose de que non quede ninguén no interior do recinto. Non pechar con chave.
- Axudar a evacuar aos discapacitados/as que se atopen na zona.
- Non entreterse recollendo obxectos persoais.
- Non utilizar os ascensores.

## INSTRUCCIÓN PARA ACTUACIÓN ANTE UNHA EMERXENCIA

- Nos tramos de escaleira circular polo exterior destas para favorecer o acceso dos Equipos de Emerxencia.
- Durante a evacuación, non retroceder a buscar a outras persoas para non entorpecer a evacuación.
- Se existira fume abundante, camiñar agachado/a e cubrirse o nariz e a boca cun pano ou outro tipo de prenda.
- Se prendese o lume na roupa, tirarse ao chan e rodar. Non correr, xa que activaría máis o lume.
- Abandonado o edificio, dirixirse ao Punto de Encontro Exterior (Zona axardinada exterior, fronte a fachada principal) para poder detectar posibles ausencias, informar de incidencias e facilitar o acceso e traballo dos medios de socorro e salvamento exteriores. Non abandonar o Punto de Encontro Exterior ate que se dea a orde. Esperar instrucións dos equipos de emerxencia.
- Se por algunha razón non se puidera chegar a zona segura, deberá comunicarse: Se é posible ao Centro de Comunicación e Control (Conserxería), ou a través das ventás.

## INSTRUCCIÓN PARA ACTUACIÓN ANTE UNHA EMERXENCIA

### 4. ACTUACIÓN DOS EQUIPOS DE EMERXENCIA

#### 4.1 Equipos de emerxencia dos centros da USC

As accións a emprender en caso de emerxencia levaranse a cabo polo persoal do centro presente no momento da emerxencia. A estes efectos contan os centros con equipos con tarefas específicas para actuación en caso de situación de emerxencia. Son equipos de emerxencias cos que poden contar os centros da USC, os seguintes:

1. Xefe/a de Emerxencias (XE)
2. Xefe/a de Intervención (XI)
3. Equipos de Primeira Intervención (EPI)
4. Equipos de Alarma e Evacuación (EAE)
5. Equipos de Primeiros Auxilios (EPA)
6. Centro de Control e Comunicacions (CCC)

#### 4.2 Normas de actuación xeral para integrantes dos equipos de emerxencia

- Estar informados dos posibles riscos.
- Informar das anomalías que se detecten e verificar que foron emendadas.
- Ter coñecemento da existencia e uso dos medios materiais de protección.
- Estar informado das accións a levar a cabo para suprimir as causas que poidan provocar calquera anomalía:
  - o Acción indirecta (dar a alarma ás persoas designadas no Plan de Actuación ante Emerxencias).
  - o Acción directa (cortar a corrente eléctrica, pechar a chave de paso do gas, illar as materias inflamables, etc.).
- Combater a emerxencia dende que se descobre:
  - o Accionando a alarma.
  - o Aplicación as consignas do Plan de Actuación ante Emerxencias.
  - o Utilizando os medios de primeira intervención dispoñibles, mentres chegan os reforzos.
  - o Prestando os primeiros auxilios ás persoas accidentadas.



## INSTRUCCIÓN PARA ACTUACIÓN ANTE UNHA EMERXENCIA

- Coordinándose cos membros doutros equipos para anular os efectos da emerxencia ou reducilos ao mínimo.

### **4.3 Puntos de encontro interiores e Punto de Encontro Exterior**

En caso de emerxencia os integrantes dos equipos de emerxencia de cada zona, ao igual que os Xefes/as de Intervención desas mesmas zonas, acoden aos seus respectivos puntos de encontro interiores.

Na situación de Emerxencia Parcial soamente actuarán os equipos de emerxencia da zona afectada, mentres que na situación de Emerxencia Xeral actuarán todos os equipos de emerxencia. No caso de evacuación do centro todas as persoas evacuadas reuniranse no Punto de Encontro Exterior.

### **4.4 Xefe/a de Emerxencias (XE)**

- É responsable da activación do Plan. Ten a máxima autoridade durante a situación de emerxencia e coordina a actuación dos equipos de emerxencia ata a chegada das axudas externas.
- Ao recibir o aviso dunha situación de emerxencia, diríxese ao CCC (Conserxería), avalía o tipo de emerxencia e toma as decisións que correspondan.
- Declara a correspondente situación de emerxencia e notifica ás autoridades competentes de Protección Civil.
- Ordena a evacuación, de ser preciso, aos EAE.
- Ordena ou realiza as chamadas de axuda aos Servizos de Axuda Exterior, ben directamente ou a través do teléfono de emerxencias 112.
- Supervisa as operacións de control da situación de emerxencia.
- Infórmase do resultado da evacuación.
- Reúne a información necesaria sobre a emerxencia para informar ao mando dos Servizos de Axuda Exterior á súa chegada.
- Recibe as Axudas Externas, trasládalle a información pertinente e segue as súas instrucións.

**INSTRUCCIÓN PARA ACTUACIÓN ANTE UNHA EMERXENCIA**

- Finalizada a situación de emerxencia, da as instrucións pertinentes ao persoal e colabora activamente na investigación do suceso.

**4.5 Xefe/a de Intervención (XI)**

- Ao recibir a alarma diríxese ao lugar da emerxencia, valora a emerxencia e asume a dirección e coordinación do EPI, mantendo informado en todo momento ao/á XE.
- Decide as accións a emprender: extinción, evacuación ou avisar a bombeiros ou ambulancias. No caso de tratarse dunha emerxencia que supera os medios dispoñibles tanto materiais como humanos, informará o máis rápido posible ao/á XE para determinar a evacuación da zona en cuestión ou, de ser o caso, da totalidade do centro.
- Terá en conta que a intervención dos EPI limitarase a situacións de Conato de Emerxencia (incidentes menores) e que en ningún caso poderá permanecer unha persoa soa realizando tarefas de extinción ou de calquera outro tipo que entrañen risco para a súa seguridade.
- Traslada a información ao/á XE e ponse ás súas ordes para calquera outra tarefa necesaria para combater a emerxencia.
- Unha vez cheguen os Servizos Externos, de acordo co/coa XE, ponse á súa disposición.
- Cando a situación anómala estea controlada, comunícao ao/á XE para que ordene o fin da emerxencia.
- Se prevé a posible posta en marcha dunha evacuación, avisa ao EAE para que estea alerta.
- Mantense en contacto cos membros do EAE e trasládalle as posibles incidencias ao/á XE.
- Finalizada a emerxencia, reunirase cos equipos de emerxencia para analizar o sucedido.

**4.6 Equipos de Primeira Intervención (EPI)**

- Son os primeiros/as en actuar, baixo as ordes do/da XI, nos primeiros instantes nos que se produce unha situación anómala para intentar corríxila o antes posible.

## INSTRUCCIÓN PARA ACTUACIÓN ANTE UNHA EMERXENCIA

- Manexan os extintores portátiles de incendios, utilizando o máis axeitado á situación e sen poñer en perigo a súa integridade física.
- Baixo ningún concepto permanecerá unha persoa soa realizando tarefas que entrañen risco para a súa seguridade.
- A instancias do/da XI desactivan as instalacións e sistemas que puidesen verse afectados. Cortan a subministración de enerxía eléctrica e subministracións de fluídos perigosos das zonas afectadas.
- Informan ao/á XI das características da situación e da súa posible evolución.
- Se houbese persoas na zona, axúdanlle a saír colaborando co EAE.
- Pechan todas as portas e ventás para evitar o avivamento do lume e a propagación do fume.
- Axudan aos Equipos de Axuda Exterior, á súa chegada, se estes o solicitan.
- Colaboran co/coa XI na investigación do acontecido.
- Cando se detecte un incendio nunha zona contigua á que teñan asignada, acoden para poñerse ás ordes do/da XI e colaborar na extinción.
- A intervención dos EPI limitarase a situacións de Conato de Emerxencia (incidentes menores).

### **4.7 Equipos de Alarma e Evacuación (EAE)**

- Baixo as ordes do/da XI ou XE, realizan as accións necesarias para garantir a evacuación ordenada da zona que teñen asignada.
- Declarada a emerxencia, acoden ao punto de reunión interior da zona asignada.
- Guían aos/ás ocupantes desa zona cara ás vías de evacuación practicables.
- Intentan que a evacuación sexa rápida e ordenada.
- Pechan todas as portas que atravesen para atrasar a propagación do lume
- Non permiten volver aos locais que xa fosen evacuados.
- Tranquilizan ás persoas evacuadas e impiden o uso dos ascensores.
- Percorren rapidamente a zona evacuada, comprobando que todos os ocupantes (empregados/as e usuarios/as) saísen e que non queda ninguén lesionado ou oculto.
- Manteñen informado ao/á XE das incidencias que poidan xurdir.
- Realizada a evacuación, comprobando posibles ausencias de persoal e informan ao/á XE.

## INSTRUCCIÓN PARA ACTUACIÓN ANTE UNHA EMERXENCIA

- Comunican o final da evacuación da zona asignada ao XE.
- Permanecer no Punto de Encontro Exterior ata que o/a XE lle comunique o fin da emerxencia.
- Prestan axuda en caso de necesidade ao persoal que, polas súas características físicas e/ou psíquicas, non poida realizar a evacuación de forma independente. En caso de emerxencia, as actuacións en relación coas persoas con necesidades especiais serán as seguintes:
  - o Identificar ás persoas discapacitadas na zona do sinistro e mobilizar os medios axeitados para a súa evacuación en caso necesario.
  - o O/a XE dará as debidas instrucións ao/á XI, que se desprazará á zona, e ao EAE para buscar as persoas discapacitadas na zona obxecto de actuación.
  - o Un membro do EAE acompañará en todo momento as persoas discapacitadas en todo o percorrido de evacuación ata o Punto de Encontro Exterior.
  - o Se a discapacidade impide a mobilidade do afectado/a recorrerase ao transporte mediante a técnica conveniente (levantamento a ombros, arrastre directo, arrastre indirecto, etc.) ou trasladarase a persoa a unha zona segura a esperas de que veñan os medios externos.
  - o Inspeccionan a zona do sinistro, aseguran a total evacuación das persoas discapacitadas e informan ao/á XE.

### **4.8 Equipo de Primeiros Auxilios (EPA)**

- Ao escoitar o sinal de alerta, diríxense ao CCC (Conserxería) para recibir as indicacións do/da XE ou XI.
- Prestan asistencia aos feridos/as. No caso de haber máis dun/dunha, clasifícanse por prioridades de atención e/ou de evacuación.
- Avalían as lesións e informan destas ao/á XE.
- Realizan as chamadas ao exterior en solicitude da información médica que se considere necesaria.
- Se fose preciso, chaman a ambulancia. Avisan ao/á XI, XE ou CCC (Conserxería) para que se realicen as chamadas oportunas.
- Preparan o traslado do ferido/a no caso de ser necesario.

## INSTRUCCIÓN PARA ACTUACIÓN ANTE UNHA EMERXENCIA

- Reciben aos Servizos Sanitarios Externos, no caso de requirir a súa presenza, informando da situación.
- Acompañan aos feridos/as ao centro sanitario, ou toman nota de nomes e apelidos, hora de saída da ambulancia, matrícula e organismo ao que pertence a ambulancia e centro médico ao que se dirixe.
- Unha vez controlada a emerxencia, solicitan información do estado das persoas evacuadas, transmitíndoa ao/á XE que, á súa vez, informará aos familiares.
- Informar das posibles baixas ocasionadas pola emerxencia e da localización dos hospitalizados/as, se os/as houbera.
- Repoñen os medios e equipos utilizados, deixándoos en condicións de servizo para unha nova situación de emerxencia.
- Redactan un informe sobre as lesións sufridas polos accidentados/as e as intervencións efectuadas.

### **4.9 Centro de Control e Comunicacions (CCC)**

- Ao recibir a alarma a través dunha persoa, transmítea a:
  - o Xefe/a de Emerxencias.
  - o Xefes/as de Intervención.
  - o Equipos de Primeira Intervención.
  - o Servizos de Axuda Exterior.
- Ao recibir a alarma a través da instalación de detección automática e/ou interruptores manuais de alarma, transmítea a:
  - o Xefe/a de Emerxencias.
  - o Xefes/as de Intervención.
  - o Agarda confirmación da emerxencia polo Xefe/a de Intervención da zona.
  - o Transmítea aos Servizos de Axuda Exterior.
- Realiza as peticións de axuda indicadas polo/a XE e os Servizos de Axuda Exterior.
- Permanece no seu posto mentres sexa seguro, interrompendo as comunicacións co exterior e deixando unha ou máis liñas libres para comunicación cos Servizos de Axuda Exterior.

## INSTRUCCIÓN PARA ACTUACIÓN ANTE UNHA EMERXENCIA





### **4.10 Funcións asignadas en horario de actividade reducida ou non habitual**

No caso de que a situación de emerxencia se producira en horario de actividade reducida ou non habitual e se contara con presenza de persoal de Conserxería ou de Seguridade, este actuaría como XE, levando a cabo as seguintes actuacións:

- Valorar a magnitude da emerxencia.
- De tratarse dun conato de incendio, que se pode controlar de xeito sinxelo cos medios dispoñibles ao seu alcance (extintores), intentar extingui-lo.
- De non ser así, premer o interruptor de alarma xeral instalado no CCC para dar a Alarma de Evacuación Xeral.
- Solicitar a intervención dos Servizos de Axuda Exterior (112).
- Comunicar a situación ao Servizo de Seguridade da USC (ILUNION).
- Colocarase na porta de acceso principal ao edificio para agardar aos Servizos de Axuda Exterior e para indicar ao persoal evacuado o Punto de Encontro Exterior ao cal deben dirixirse.

**INSTRUCCIÓN PARA ACTUACIÓN ANTE UNHA EMERXENCIA**

**ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA E EVACUACIÓN**

|                                |   |  |
|--------------------------------|---|--|
| <p>Situación de emerxencia</p> |    | <p>Avisar a Conserxaría ou Dirección de Emerxencias<br/>Pulsar o pulsador de alarma máis próximo</p>   |
| <p>Avisos de alarma</p>        |    | <p><b>Alarma parcial.</b> Pitada descontinua. Evacuación da zona afectada<br/><b>Alarma Xeral.</b> Pitada continua. Evacuación de todo o edificio</p>  |
| <p>Durante a evacuación</p>    |   | <p>Deixar o posto de traballo en condicións de seguridade (instalacións de gases e chaves de paso pechadas e máquinas desconectadas)</p> <p>Non correr. Saír ordenadamente e con rapidez. Non deterse a recoller pertenzas.<br/>Non retroceder.</p> <p>Seguir as instrucións do persoal dos equipos de emerxencia.<br/>Seguir a sinalización de evacuación.<br/>Non abrir portas quentes ou polas que saia fume.</p> <p>Deixar pechadas as portas e fiestras tras o paso asegurándose de que non quede ninguén no interior do recinto. Non pechar con chave.</p> <p>Non usar o ascensor.</p> <p>En caso de fume: andar a gatas e usar un trapo humedecido a xeito de máscara.</p> <p>Se prende a roupa: non correr, tirarse ao chan e rodar. Axudar a quen o necesite.<br/>Nos tramos de escaleira, circular polo exterior destas para favorecer o acceso dos equipos de emerxencia.</p> |
| <p>Punto de encontro</p>       |  | <p>Dirixirse ao Punto de Encontro Exterior.<br/>Agardar instrucións<br/>En caso de non poder chegar ao punto de encontro: avisar a Conserxaría ou posto de Dirección de Emerxencias e facerse ver a través das fiestras.</p>   |